



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 5 de xaneiro de 2023 (1343/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día cinco de xaneiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira e o Sr. Losada Álvarez únense á sesión en modo online.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(3).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DO GASOLEO TIPO "C" NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACION INFANTIL E ESCOLAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO .Expte 26213-332.**

Vista a proposta da Mesa de Contratación de data 29/12/2022 e Informe de fiscalización de data 29/12/2022 propónse a adopción do seguinte acordo

**" LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/09/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 06/10/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 88.556,14 euros (73.186,89 euros máis 15.369,25 euros en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.221.0300 “Combustibles e carburantes”, que se dividirá nas seguintes anualidades:*

- Anualidade 2023 (de febreiro a decembro): 40.588,23 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 44.278,07 euros
- Anualidade 2025 (xaneiro): 3.689,84 euros.

*O valor estimado do contrato estipúlase en 190.285,92 euros.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:



## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213-332) na seguinte orde descendente:*

<b>Licitador</b>		<b>% de desconto ofertado sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)</b>
1	ESERGUI DISTESER, S.L.U.	4,5%
2	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B95799664), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ser distribuidor autorizado para a subministración de combustibles segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrita no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente. Cumprirá os requisitos para a distribución ao pormenor de produtos petrolíferos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e os requisitos que sexan de aplicación do Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas e as súas ITCs, así como a normativa autonómica vixente de aplicación”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L.U., o día 2 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión do 22 de decembro de 2022, acordou conceder un prazo de tres días a ESERGUI DISTESER, S.L.U. para que puidese emendar a documentación presentada. Durante o prazo concedido, o 27 de decembro, o licitador presentou nova documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESERGUI DISTESER, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESERGUI DISTESER, S.L.U., de acordo c informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 23 de novembro de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B-95.799.664) o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332) por un prezo máximo de 88.556,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.369,25 euros e cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) do 4,5%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **2(4).- APROBACION DO PROGRAMA MUNICIPAL CIRCUITO “RUNRUNVIGO 2023”. Expte 22172-333.**

Visto o informe proposta de de data 13.12.2022 asinado polo Xefe de Servizo de Deportes e conformado polo Concelleiro de Deportes e Concelleiro de orzamentos e Facenda e avista do informe xurídico de data 15.12.2022 e informe de fiscalización 29.12.2022 propónse a adopción do seguinte acordo

#### **“ I.- Antecedentes:**

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais continuar co apoio ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, segue a apostar polo xa consolidado circuíto de carreiras populares na súa edición do ano 2023.

No ano 2023, o proxecto cumpre a súa décimo cuarta edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na cidade de Vigo, estará configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2023 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA	*DATAS PROVISIONAIS
Subida ao Castro	29/01/2023
Carreira do Calvario	12/02/2023
Carreira popular 10K de Teis	05/03/2023
Medio Maratón Vig Bay	26/03/2023
Carreira Praia de Samil	17/05/2023
Carreira da Cereixa	28/05/2023
Carreira Nocturna Correndo por Vigo	11/06/2023
Carreira Nocturna de San Xoán	23/06/2023
Vigo Contra el Cáncer	15/10/2023
Media Maratón de Vigo	05/11/2023
Vigo+11	12/11/2023
Carreira solidaria Érguete e corre	10/12/2023

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuío os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuío RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuío 2023, que remata no mes de decembro, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que *“No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes: ....f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”*.

## **II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO 2023:**

### **1.- PROBAS:**

PROBA	*DATAS PROVISIONAIS
Subida ao Castro	29/01/2023
Carreira do Calvario	12/02/2023
Carreira popular 10K de Teis	05/03/2023
Medio Maratón Vig Bay	26/03/2023
Carreira Praia de Samil	17/05/2023
Carreira da Cereixa	28/05/2023



## Concello de Vigo

PROBA	*DATAS PROVISIONAIS
Carreira Nocturna Correndo por Vigo	11/06/2023
Carreira Nocturna de San Xoán	23/06/2023
Vigo Contra el Cáncer	15/10/2023
Media Maratón de Vigo	05/11/2023
Vigo+11	12/11/2023
Carreira solidaria Érguete e corre	10/12/2023

\*Se por calquera causa algunha das probas non se celebra ou non cumpre cos criterios establecidos para formar parte do circuíto, o Concello de Vigo terá a potestade de integrar no circuíto unha proba alternativa, ou reducir o nº de probas que o conforman.

## 2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES E CLASIFICACIÓNS:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1984-2003 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1974-1983 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1964-1973 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1959-1963 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1958 ou anteriores

- Os/As atletas quedarán inscritos **a efectos de clasificación no circuíto** por ano de nacemento.
- O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuíto, na categoría que lle corresponda por ano de nacemento.
- **Os/As atletas das categorías 2, 3, 4 e 5 poderán competir na categoría 1 unicamente se o solicitan por escrito á organización do circuíto ([vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)) antes da celebración da segunda proba do circuíto, computando os puntos na nova categoría a partires dese momento.**
- **Clasificación de equipos:** Haberá unha clasificación final por equipos. Os equipos interesados en participar nesta clasificación, deberán remitir á Fundación Vide unha solicitude de participación nesta clasificación, co listado de atletas (Nome, apelidos e dni) que queiran que puntúen nela. Teranse en conta os puntos acadados polos/as atletas tras a súa inscrición no equipo. O prazo para inscribir atletas nos equipos rematará o día de peche da inscrición na segunda carreira do circuíto, momento no que quedará pechada a configuración de todos os equipos. En caso de empate na clasificación, teranse en conta, neste orde, os seguintes criterios:
  - Maior número de atletas femininas inscritas no equipo.
  - Maior número de mellores postos.
  - Suma de puntos de atletas femininas.
  - Número total de compoñentes do equipo.
- **Clasificación ponderada:** Elaborarase unha clasificación compensada masculina e unha feminina.

### **3.- INSCRICIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2023”:**

- **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo 2023 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- **Gratuíta:** A inscrición no circuito é gratuíta.
- **Independente:** A inscrición no circuito RunRunVigo 2023 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.

### **4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:**

Os e as participantes no circuito irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuito segundo os postos en cada proba do circuito.

PUNTUACIÓNS POR PROBA		
	Dist. Longa	Dist. Curta*
1º clasificado/a	250 puntos	120 puntos
2º clasificado/a	200 Puntos	90 Puntos
3º clasificado/a	150 Puntos	75 Puntos
4º clasificado/a	125 Puntos	60 Puntos
5º clasificado/a	100 Puntos	50 Puntos
6º clasificado/a	90 Puntos	45 Puntos
7º clasificado/a	80 Puntos	40 Puntos
8º clasificado/a	75 Puntos	35 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos	30 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos	20 Puntos
11º-15º clasificado/a	35 Puntos	15 Puntos
16º-20º clasificado/a	30 Puntos	8 Puntos
21º-50º clasificado/a	20 Puntos	5 Puntos
51º-150º clasificado/a	15 Puntos	3 Puntos
151º-300 clasificado/a	8 Puntos	2 Puntos
301º-600 clasificado/a	5 Puntos	1 Punto
601º-900 clasificado/a	3 Puntos	1 Punto
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos	1 Punto
>1200 clasificado/a	1 punto	1 punto

\*As carreiras que desenvolvan dúas distancias competitivas cronometradas mediante o sistema de chip a través da plataforma oficial, terán unha dobre clasificación a efectos do circuito, de forma que os/as atletas que participen nas distancias curtas puntuarán segundo o establecido na táboa.

### **5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:**

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.





## Concello de Vigo

### **6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:**

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

\*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 8 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 7 probas. Nas categorías F-3, F-4, F-5 e M-5, as/os atletas deberán ter rematado polo menos 6 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida na categoría para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

- a) Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:
- b) 1º criterio: Nº de probas rematadas ó final do circuíto.
  - c) 2º criterio: Nº de probas gañadas.
  - d) 3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuíto.

6.2.- Premio mellor equipo do circuíto RunRunVigo:

A organización outorgará o trofeo ó mellor equipo do circuíto. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan os e as atletas de cada un dos equipos inscritos formalmente segundo as condicións establecidas no apartado 3 deste regulamento.

6.3.- Premio clasificación compensada: O circuíto outorgará trofeos ós e ás mellores 3 clasificados/as da clasificación compensada.

Ó remate do circuíto, farase entrega nun acto de clausura do Circuíto dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuíto RunRunVigo 2023 en cada unha das categorías.

### **7.- RECLAMACIÓNS:**

Os/As participantes no circuíto terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: [vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)

## **8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO:**

–A información Xeral do circuítu estará dispoñíbel en [www.vigo.org](http://www.vigo.org) , [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com) , [www.vide.es](http://www.vide.es) e na web oficial da empresa cronometradora do circuítu.

## **9.- CANCELACIÓN DO CIRCUÍTO:**

Se por calquera circunstancia, non se celebraran un mínimo de 7 probas, o circuítu quedará suspendido, quedando desertas as clasificacións finais.

## **III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.**

Coa finalización das probas do Circuítu RunRunVigo, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuítu.

Os premios en metálico previstos do circuítu RUNRUNVIGO, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuítu de carreiras RUNRUNVIGO, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuítu de carreiras RUNRUNVIGO, será desenvolto ó remate do circuítu, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2023.

## **IV.- PROPOSTA:**

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuítu RunRunVigo 2023.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “RunRunVigo 2023”. A aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2023.

Terceiro: Proceder á publicación Programa Municipal Circuítu RunRunVigo 2023, na web municipal.



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(5).- APROBACIÓN DO PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS PARA A “RENOVACION DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTADO MAR DENDE O Nº 11 ATA O Nº 88”. Expte. 1230/441**

Visto o informe proposta de data 26.12.2022 asinado polo Xefe do Servizos Xurídico da área de Servizos Xerais propónse a adopción do seguinte acordo:

#### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 3 de maio de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE O Nº 11 ATA O Nº 88 informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 3 de maio de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 12 de maio de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE O Nº 11 ATA O Nº 88.

**IV.-** Con data 11 de novembro de 2022, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o Nº 11 ATA o Nº 88” , redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento de execución material de OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (87.947,94 EUROS), e un orzamento de execución por Contrata que inclúe o 13% de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de IVE de: CENTO VINTE E SEIS MIL SEISCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (126.636,24 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 14/10/2022.

**V.-** Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	1.758,96 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	1.758,96 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	439,74 €
	SUMA	3.957,66 €
	11% Gastos de Xestión	435,34 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.393,00 €

**VI.-** A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en data 19 de decembro de 2022, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

**VII.-** Con data 20 de decembro de 2022 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal e o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obra e infraestruturas emiten informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**I.** Aínda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como



## Concello de Vigo

actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**III.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o Nº 11 ATA o Nº 88**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento de execución material de OITENTA E SETE MIL NOVECIENTOS CORENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (87.947,94 EUROS), e un orzamento de execución por Contrata que inclúe o 13% de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de

IVE de: CENTO VINTE E SEIS MIL SEISCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (126.636,24 EUROS), o proxecto dispón de sinatura dixital de data 14/10/2022.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “RENOVACIÓN DÁS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR DENDE o Nº 11 ATA o Nº 88” ” por un importe de 4.393 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	ESINPRO	1.758,96 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO	1.758,96 €
Coordinación de seguridade e saúde	SEGURINCO	439,74 €
	SUMA	3.957,66 €
	11% Gastos de Xestión	435,34 €
	TOTAL (IVE excluído)	4.393,00 €

**Terceiro.-** Designar como dirección facultativa da obra ao Xefe da Unidade de Implantación de Servizos na Vía Pública, D. Jorge Muñoz Rama e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado.

**Cuarto.-** Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución do recurso. “

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(6).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”. EXPTE 5725/443.**



## Concello de Vigo

Visto informe proposta asinado en data 23.11.2022 polo Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais conformado polo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e Informe de fiscalización 30.12.2022 propónse a adopción do seguinte acordo

### “ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Deportes remítese para a súa tramitación, proxecto de “EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 20.09.2022, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- As actuacións teñen lugar na Piscina das Travesas sita na rúa do Carme, nº 6 36210 Vigo.

Os traballos a levar a cabo recollidos neste proxecto enuméranse a continuación;

- Substitución de climatizadora e deshumectadora avariada por equipos deshumectadores con recuperación de calor.
- Substitución de caldeiras. Se proxecta a instalación dun conxunto de 2 caldeiras en cascada de condensación que empregan gas natural como combustible.
- Subministro e instalación de manta térmica que incorpora burbullas de aire no seu interior que actúan como illante. Se subministrarán e instalarán 2 cubertas cos seus respectivos enrolladores motorizados de 25 m x 6,25 m e no vaso infantil 2 mantas de 12,5 m x 4 m.
- Instalación de bomba de calor aerotérmica. A máquina disporá dun cadro eléctrico propio que se situará nas inmediacións da mesma e incorporará todas as proteccións eléctricas e disjuntores que estableza o fabricante para o seu correcto funcionamento.
- Substitución de iluminación da sala técnica. Substituír por equipos de iluminación de

tecnoloxía LED.

- Modificación da instalación hidráulica, intercambio de calor e de almacenamento térmico. Co obxecto de mellorar a eficiencia enerxética da instalación e renovar parte dos acumuladores e intercambiadores de placas presentes na mesma, substituiranse a totalidade dos acumuladores existentes por un único depósito estratificado de 5000 l de capacidade do que partan todos os sumidoiros térmicos e ao que entreguen enerxía a totalidade dos xeradores existentes. Realizarase una substitución de todas as tubaxes que unen os xeradores e sumidoiros térmicos coa acumulación inercial. Instalaranse novas bombas de circulación nos circuítos renovados que sexan de alta eficiencia e incorporen variador de frecuencia.
- Modificación de plenum de retorno de piscina exterior.

**IV.-** A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21.11.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*O edificio de piscinas do complexo deportivo de As Traviesas é un centro de uso deportivo, os traballos axústanse as ordenanzas de aplicación tanto no PXOU/93, I.O.P. e novo PXOU/21 con aprobación inicial.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**





## Concello de Vigo

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de **“EXECUCIÓN DE SUBSTITUCIÓN DE INSTALACIÓNS NO CENTRO DEPORTIVO DA PISCINA DAS TRAVESAS”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. David López Mera, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (686.467,68 €), con data da sinatura dixital 9 de novembro de 2022.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(7).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez